

CONSELLO ASESOR:

ANTON COSTA - MODESTO

HERMIDA - MANUEL JANEIRO

- ANTON LAMAPEREIRA -

RAFAEL OJEA - MIGUEL

VAZQUEZ FREIRE



SEMANARIO DE

EDUCACION

DE FARO DE VIGO

Coordina:

JOSE A.º PEROZO

ANO II - N.º 76

Informe

# Encol da II Semana Galega de Filosofía

DOMINGO SANTON GARCIA FDEZ.

Ao pregar-me, como membro da «Aula Castelao de Filosofía», que dese a minha opinión encol do desenvolvemento da II Semana Galega de Filosofía e fíxese unha avaliación da mesma fíxese moi recoñecido ao mesmo tempo que ultrapasado por tal tarefa. Certamente só despois de xuntar-se a «Aula Castelao» para facer unha reflexión encol de contidos, resultados e propostas estarase en condición de facer avaliacións máis axustadas, mais no entanto, e coa premura imposta por necesidades de composición, non teño o máis mínimo empeceamente en ofrecer estas breves e desleigadas notas.

Dicer hei, primeiramente, que a «Aula Castelao» está integrada por profesores de ensino medio (neste intre filósofos) e ten como obxetivos fundamentais os seguintes: a anovación temática, pedagóxica e didáctica, o intercambio entre profesionais fomentador de actualización e convivencia, a laboura investigadora (nese sentido sa se publicou un libro que recolle a obra de Antón Losada Diéguez), a organización de ciclos de conferencias... E principalmente as Semanas Galegas de filosofía. E un tento de atallar o aillamento e de fomentar canles participativas que redunden nunha mellora do ensino e das relacións interpersoais. Esta aula está aberta aos profesionais ou non que queiran integrarse sen necesidade de seren filósofos ou vivir da filosofía.

Xa no tocante á II Semana dicer que xurdiu nese tento de anovación do que xa estamos a falar. E a razón de haver escollido a Etica como materia foi por recoller as inquedanzas de moitos profesionais, entre os que nos incluímos, que se atopan desorientados diante dunha nova asignatura donde hai que inventar todo: contidos, metodoloxías, acopio bibliográfico, etc. Tamén fomentar o diálogo, a crítica e a renovación. E dicer: estudar colectivamente o estatuto da Etica no ensino e discutir alternativas de cara ao futuro. Etica sí, ética non, ética cómo? Eis os grandes eidos de discusión e aprufundamento.

No referente á estruturación da Semana centrou-se acoío en catro actos. 1) Ponencia seguida de comunicacións, exposicións bibliográfica e coloquio, 2) Leitura e discusión de experiencias didácticas, 3) mesa redonda e 4) conferencia aberta ao público.

No tocante ás ponencias dicer que abordaron temas de gran actualidade: o problema da autoidentidade moral, a análise das ideoloxías, a violencia, a encrucillada da economía galega e o sentido da historia. Cecaís chamen a atención cando mienos algunhas, por non estar directamente relacionadas coa ética. Embora discrepo esa apreciación. A



ética é unha disciplina interdisciplinaria, e que valía a redundancia. Amais o feito de contar entre os ponentes a un sociólogo portugués (Madureira Pinto) e a un economista galego (López Suevos) non foi outra cousa que un tento de radicar a ética na problemática socio-económica. A ética asenta-se na realidade, resposta á problemática infraestructural, non é unha reflexión intemporal e ahistórica. Polo tanto coñecer como vive o país é paso imprescindible para deducir conductas ou discutir conductas xa existentes.

En canto aos outros ponentes dicer que foron escolleitos entre o máis significativo dos teóricos da ética actual, estando amais presentes as grandes liñas configuradoras da nosa reflexión filosófica contemporánea: filosofía da lingoaxe, pensar dialéctico e reflexión lúdica. Mencionar ao profesor Muguerza, ao profesor Sábada e ao profesor Quesada Castro e suficiente proba do que venho a soste. Coido que merece unha especial mención José Luis Aranguren, home que, a pesares dos anos, mantén viva a súa figura de intelectual comprometido, diría que cumpre o papel propio de todo auténtico filósofo: exercer de crítico das formas de vida e das institucións. Aranguren é un polígrafo que, aos seus setenta e seis anos, mantén-se xoven, crítico co poder e ilusionado por unha sociedade mellor. Mantense vivo, xa que as súas inquedanzas

conectan coas da xuventude actual, na que ve a posibilidade dun futuro máis libre.

Sería imposible valorar en tan curto espacio as discusións provocadas polas ponencias e comunicacións.

Referente á lectura e discusión de experiencias didácticas dicer que deron a Semana un cariz práctico. Xa non se trata tanto de saber como de aplicar. Nestas exposicións e discusións percibiuse unha especie de filme das clases de ética. Foron testemuño gráfico da asignatura en moi variados centros de ensino galegos. Non o digo pola cantidade de experiencias, senón polo polimorfismo das discusións e pola cantidade de intervinientes nas mesmas, que trocou as experiencias individuais ou de grupo en colectivas.

As mesas redondas foron de grande interese e puntuais: sexualidade, posibilidade ou non da ética no ensino (melhor oportunidade ou non), programación da ética, sesgos evolutivos dos alumnos de BUP-FP. O interese veu garantido por contar con os máis diversos profesionais e representantes sociais para presidir as mesmas: médicos, sociólogos, psicólogos, profesores de ensino medio, mestres, alumnos, etc. E asimesmo polas discusións provocadas e as aportacións feitas dende o público.

Por último salienta un dos feitos máis positivos: as conferencias abertas ao público, que contaron con asistencia

importante sempre e, incluso, en ocasións rebasándose con medras o aforo do local. Como dato curioso non me resisto a lembrar unha vez máis que o día que o profesor Sábada falou de posmodernidade, apesares de programarse pola televisión estatal un acto deportivo deses que deixan o país paralizado, foron máis de trescentas as persoas que acudiron a sé da semana, desbordando o aforo da mesma. ¿Será que os filósofos inda teñen algo que decir no mundo de hoxe? Certamente hai que recoñecer a actualidade da temática: ética e responsabilidade política; educación e medio rural; a posmodernidade existe; Galicia: paro, emigración, reconversión..., o problema da desobediencia civil.

Por último, e dado que o espazo permitido vai rematando pedir que remesen as súas críticas. Sen dúbida vivimos nun país no que a discusión non é moi abondosa. E sen discusión limitan-se moito os avances, non hai verdadeira vida intelectual.

Remato: foi unha semana de ámbito internacional, practicamente sen parangón en todo o estado. Galiza, Euskadi, Portugal, e outros estiveron representados. Embora máis que sobrancear a calidade de ponentes habería que ir paseniño valorando máis as intervencións

## Informe

## Semana de Filosofía

Ven da páx. 73

que, para entender-nos, poderíamos chamar anónimas. E, cecais, en semanas futuras ver a forma de contar menos con figuras señeiras e máis con aportacións de base. Máis o vivir na periferia e contar cunha universidade infraestructuralmente pouco dotada fai que sexa preciso contar con estas figuras para conectar-nos co que pasa no mundo cultural de hoxe. Inda que hai que decir que a aportación galega a esta Semana foi xa moi considerábel. Polo demais non podemos cair nun minifundismo intelectual. Hai que seguir aprofundando no ser galego, embora conectando coa problemática transgalega. E mais neste mundo donde as fronteiras son acotío máis difíceis de marcar.

Agradecer as institucións patrocinadoras (Xunta, CAP de Pontevedra) e colaboradoras (Consello e Diputación de Pontevedra e Dirección Xeral de Cultura) que fixeron posíbel tal congreso e animalas a proseguir, tal como é a sua obriga.

## A PIZARRA

## A pizarra

como suplemento de educación de FARO DE VIGO está aberta a todo tipo de corrientes de opinión sobre temas de enseñanza, por esta circunstancia brinda al colectivo del mundo colegial sus páginas sin otra limitación que el propio del espacio. Profesores, padres de alumnos y alumnos tienen en nuestro suplemento una tribuna desde la que mostrar la pluralidad de sus opiniones sobre el mundo de la educación.

Cualquier comunicado, carta, experiencia o artículo debe dirigirse a LA PIZARRA de FARO DE VIGO, Apartado 91. VIGO.

## Falando

## La clase de ética a debate

## La opinión del profesor Aranguren

M.V.F.

Nuestro diálogo con el profesor Aranguren fue breve, casi fugaz. Minutos antes de impartir su conferencia —con la cual se clausuró la II Semana Galega de Filosofía, recientemente celebrada en Pontevedra— y con la sala llena ya de un público que le aguardaba, apenas pudimos profundizar sobre el tema, como hubiésemos deseado. A pesar de ello, no cabe duda que la opinión del profesor José Luis Aranguren, maestro de buena parte de esta generación de filósofos morales que tanta y tan positiva influencia está teniendo sobre nuestro panorama cultural, tiene siempre un valor especial, aún cuando se trate del resultado de una conversación improvisada.

**PREGUNTA.**—¿Qué opinión le merece a usted la introducción de la asignatura de Ética en el Bachillerato y la forma en que se ha hecho, es decir, como opción a elegir en competencia con la Religión.

**RESPUESTA.**—No, no me ha gustado nunca esa opción entre Ética y Religión. En primer lugar, yo no considero que la Religión —y probablemente la Ética tampoco— pueda convertirse en una asignatura. La Religión, de ninguna manera, y la Ética —luego, si quiere, hablemos de ello— muy problemáticamente. Pero creo que la Religión debería estudiarse, no como religión propiamente, sino como Historia de las Religiones. Yo creo que, en efecto, el estudiante debe saber lo que son las religiones, lo que han sido las grandes religiones universales, las religiones históricas, porque han sido decisivas culturalmente hablando. Es decir, no se entiende la civilización occidental sin el judaísmo y el cristianismo, en su base, se sea o no se sea cristiano hoy. No se entiende la civilización hindú sin el brahmanismo y el budismo. Es decir que, sin exagerar, se podría considerar que el núcleo originario de cada cultura es religioso y que el proceso de evolución cultural es, en gran parte, un proceso de secularización de las correspondientes



religiones. Por esta razón creo que el estudio de las grandes religiones es necesario. Pero eso no es propiamente un adoctrinamiento, no tiene nada que ver con un adoctrinamiento de carácter religioso, no tiene nada que ver con una catequética ni nada parecido. Por eso considero que la reducción de la religión a una catequética o a una asignatura es un error.

En cuanto a la Ética, no me parece mal que haya una materia, pero la Ética es muy difícil de enseñar, salvo que se convierta, también, en una asignatura. Pero tanto los chicos de Enseñanza General Básica —éstos, no hablemos—, como incluso los de Bachillerato, yo creo que no son todavía maduros para una problematización de carácter ético. Entonces, es sumamente difícil; en Filo-

sofía se puede enseñar una materia que se llama Ética, pero a los chicos no se les va a enseñar ética. Habría que enseñarles moral, es decir, el comportamiento y no la reflexión sistemática sobre el comportamiento moral; y el comportamiento habría que enseñarlo de una manera muy peculiar, bajo forma de problemas concretos, seminarios, mucho más que aprendizaje de lecciones y clases. De modo que no soy entusiasta ni del estudio en bachillerato de la Religión, por supuesto que no, pero tampoco de la Ética. Considero que, en cambio, sí se debería estudiar Historia de las Religiones, y de todos modos hay un problema y es el problema de afinar el sentido moral de los chicos, pero la verdad es que no se bien cómo habría que hacerlo... Mejor dicho, sé cómo habría que hacerlo, como lo haría yo, pero no sé cómo eso se puede universalizar y generalizar para institucionalizarlo.

**P.**—Las clases de Ética, en algunos casos están siendo concebidas como clases, por así decirlo, "para hacer buenos ciudadanos" o "buenos democratas". ¿Cree usted que, así concebidas, esas clases sí son convenientes? ¿Y cree que merecen el nombre de Ética?

No, porque en todo caso, tendrían que llamarse de Ética política, pero no, propiamente hablando, de Ética. Es decir, eso no está demasiado lejos de aquella materia, que existía en el franquismo, de Formación Política. El contenido será diferente pero, en definitiva, el marco es muy semejante. Lo que ocurre es que la orientación, lo que se da allí dentro será diferente, pero el título podría mantenerse y sería más justo decir Formación Política o Formación Democrática, que no Formación Ética. Yo creo que es un riesgo la reducción de la Ética a Política, por muy democrática que sea. Justamente mi charla de hoy va a referirse a este tema de la relación de la Ética con la Política y en ella afirmo una tensión que existe siempre entre lo ético y lo político. Por eso la reducción de lo político a lo ético, o igualmente de lo ético a lo político, me parece un abuso de la situación real, que es siempre una situación de tensión entre lo uno y lo otro.

## La mujer vista por los niños

## Concurso de FARO DE VIGO para escolares de 10 a 14 años

1.º—Podrán participar en este concurso todos los escolares de edades comprendidas entre los diez y catorce años. Podrán hacerlo a título individual o mediante el canal del colegio en que realizan sus estudios.

2.º—Los trabajos se presentarán en letra clara y legible, con una extensión mínima de un folio y máxima de tres, por una sola cara.

3.º—El tema será necesariamente referido a "LA MUJER" y podrá tratarse de una redacción escolar, una narración corta, o un comentario. Deberán de estar redactados en gallego o castellano.

4.º—Los trabajos se remitirán firmados por los alumnos, con el nombre, dirección, curso y colegio claramente especificados.

5.º—Se establecen los siguientes premios:

1.º—Un viaje a Disneyworld de cinco

Desde su sección semanal MULLERES y en colaboración con el suplemento de educación A PIZARRA, FARO DE VIGO convoca el PRIMER CONCURSO DE REDACCION Y NARRACIONES CORTAS SOBRE LA MUJER, que se regirá por las siguientes

## BASES

días de duración, para el alumno ganador y un acompañante (Los gastos de este viaje comprenden desde la salida del ganador de su hogar hasta el regreso al mismo, corriendo a cargo de la organización del concurso los gastos de traslado, hospedaje y manutención del premiado y su acompañante). Este premio es gentileza de una institución oficial.

2.º—Un ordenador personal.

3.º—Una bicicleta.

4.º—Cinco lotes de libros para los trabajos clasificados en cuarto, quinto, sexto, séptimo y octavo lugar.

5.º—Doce bolsas de deportes, gentileza de FARO DE VIGO, para los tra-

bajos clasificados entre el noveno y veintavo lugar.

6.º—Se establece un premio consistente en una BIBLIOTECA BASICA que será entregada al colegio en que curse sus estudios el alumno ganador. FARO DE VIGO otorgará a los ganadores y sus colegios placas conmemorativas del concurso y de la clasificación en el mismo.

7.º—Los tres primeros trabajos ganadores serán publicados en la página semanal MULLERES de FARO DE VIGO y los diecisiete restantes, en función de la disponibilidad de espacio, serán igualmente publicados en MU-

LLERES o en A PIZARRA.

8.º—El plazo de admisión de originales finaliza el 27 de Julio de 1985. El fallo del jurado será dado a conocer en la página MULLERES de 26 de Septiembre y en A PIZARRA el 29 de Septiembre de 1985.

9.º—Los trabajos habrán de remitirse a FARO DE VIGO, concurso LA MUJER, apartado de correos 91. VIGO.

10.º—La entrega de premios se realizará en VIGO en fecha y local que oportunamente se anunciará.

11.º—El jurado será nombrado por la dirección de FARO DE VIGO entre personalidades del mundo de la enseñanza y la cultura gallega y dado a conocer en el momento del fallo.

12.º—Las decisiones del jurado serán inapelables.



Semán das letras galegas

## Antón Losada Diéguez

Ven das centrales

que está espallada en diversas publicacións, senón pola súa presenza activa e puxante en todos os movementos nacionalistas e culturais da súa época, a época da Xeneración "Nos".

Neste senso poderíamos falar da súa **obra non escrita**:

- Fundador e redactor da revista "Nos", xunto con Risco e Nogueurol.

- Miembro correspondente da Real Academia Galega.

- Pertenceu as Irmandades da Fala ingresando na de Ourense o 17 de outubro de 1917.

- Foi Conselleiro da Irmandade Nazionalista Galega baixo a xefatura suprema de Risco.

- Na súa casa de Pontevedra iniciáronse os traballos que darían pulo ao "Seminario de Estudos Galegos", no que el ingresou o 12 de maio de 1924, co ensaio "A prosa galega".

- E o primeiro firmante da moción que propuxo e dou normas para a fundación do Museo de Pontevedra, onde tamén promoveu a política de becas para artistas e investigadores. E logo membro do Patronato deste Museo.

- Foi o primeiro presidente da "Sociedade Coral Polifónica de Pontevedra". No seu n.º 28, a revista "Nos" na seizon "os homes, os..." comenta o primeiro concerto da Coral e di: "... A Sociedade Coral naceu dunha pequena xuntanza de amigos da música... entre eles atópanse dous dos nosos máis queridos amigos e colaboradores, dous homes ategados de amor pola grande arte e pola Nosa Terra e a súa cultura, Antón Lousada Diéguez, Presidente do Coro, e cantor tamén na corda de baritonos, e Antón Iglesias..." O decorado Castelao.

- Editou xunto con Risco e Nogueurol a obra poética "Do Ermo" de Antón Noriega Varela.

- Tesorero da Misión Biolóxica de Galicia.

- Fundador e 1er Presidente do Club Eiriña de Fútbol.

**OBRA ESCRITA:**

**CAMIÑANTES:** **Lenda** inventada da nosa Raza, os fillos de Linn e de Gael, no seu eterno camiñar atrás do sol, en demanda do lonxe...

**AMANEÇER:** **Conto** de fonda sensibilidade: a cidade deitando na aldea a noxenta podre cosmopolita dos Palace Hotel.

**4 CONTOS:** Os catro son contos curtos que apareceron publicados en "Nos", dous en vida e outros dous póstumos, no n.º 71 da revista.

**UN ROMANCE** con nota ó pé na que explica que foi recollido para Alfredo Brañas por Marcial Valladares.

**"TERENCIO MAC SWINEY":** Artigo sobor deste irlandés, alcalde de Cork, loitador contra os ingleses pola independencia de Irlanda, que se deixou morrer de fame na cárcere de Brixton despois de ser apresado por última vez o 12 de agosto de 1920. Un irlandés que dixo: "Esta é unha loita de resistencia e non han ser os trunfadores os que máis fagan sofrer, senón os que poidan sufrir máis..."

**2 POESIAS:** "Lonxe" "Ano novo, vida nova..."

**1 TRADUCCION:** Dun soneto da Vita Nuova de Dante.

**A DOMEADORA:** **Obra de teatro** non rematada.

**2 ARTICULOS POLITICOS:** "Orientacións. Os camiños do agrarismo galego" "A sinificación profunda do galeguismo": Publicado postuma-

mente no n.º 71 de "Nos" con nota ó pé de Vicente Risco que comenza así: "O precedente traballo é o esquema dun manifesto... co Lousada quixera botar á rúa. Era un tempo en que o movemento galeguista semellaba esmorecer, despoisxas do pulo inicial de 1916 a 1918 e do fracaso político deste ano derradeiro..."

**1 ENSAIO:** "A prosa Galega" que leu no seu ingreso no Seminario de Estudos Galegos o 12 de maio de 1924.

**OUTRO ENSAIO:** "Teoría cuasi trascendental da velocidade".

**BIBLIOGRAFIA**

- "Historia da Literatura Galega Contemporánea" -Ricardo Carballo Calero- Ed. Galaxia 3.ª ed. 1981.

- "Historia da Literatura Galega"-F. Fdez. del Riego-Ed. Galaxia, 4.ª ed. 1978.

- "Segundo ADRAL"-Xosé Filgueira Valverde-Ed. do Castro 1981.

- "Pensamento Galego" -Escolma Carlos Baliñas- Cadernos Populares 1977.

- "De Pondal a Novoneyra"-X.L. Méndez Ferrín-Xerais Universitarial 1984.

- "Gran Enciclopedia Galega"-Tomo XIX-"Losada Diéguez, Antón-Justo G. Beramendi.

- Revista "Nos" num. 2, 3, 5, 8, 12, 18, 28, 31, 71, 73, 75.

- **ANTON LOSADA DIEGUEZ**-Efrén Vázquez-La voz de la escuela-La Voz de Galicia, 6-2-85.

- **NO CENTENARIO DE LOSADA DIEGUEZ**-Módesto Hermida García-Artes e Letras-Faro de Vigo, 3-2-85.

*o Pizarrín*

Coleccionable  
para os moís pequenos


N.º 19

Complemento de «A Pizarra» de FARO DE VIGO - ANO II

Domingo 12 de Maio de 1985



Semán das letras galegas



Duas caricaturas de Losada Diéguez por Castelao

## Losada Diéguez

Hoxe escomenza a Semana das Letras Galegas, unha importante celebración da cultura galega que se ven celebrando todo-los anos ao redor do día 17 de Maio, Día das Letras Galegas. No presente ano este día está adicado o escritor Antón Losada Diéguez, a el adicamoslle o noso PIZARRIN de hoxe.



## CONTO

Dous rapaciños rifaron, y-estábanse batendo cegos. Un d'iles san e rexo, y-o outro un malpocadiño que choraba. Duas mulleres apartáronse e levaron ó meniño dos choros dán-dolle bicos. O outro, o san e forte, soilo, vermello de vergonza quedaba sin agarimo, cheo de tristura, e foise indo paseniño. Fixenlle unha festa ó probe do rapás e dixen pra min "tamén os fortes dan compasión ás veces", lembrándome d'un sucedido.

O sucedido foi esto. Había unha vés n-unha aldea veira mar, n-a ría de Marín, dous mozos mariñeiros, Chuco e Manoel. Eran tempos n-os qu'aínda non ian as motoras a buscar sardiña a Leixoes, nin xiquera as artes da traíña eran donas das rías. Os barcos xeitosos ian mar afóra máis alá d'a illa d'Ons e chegaban moitas veces a Finis-terre.

Manoel era un rapás ergueito e finiño, churrusqueiro y-amigo d'as rapazas. Chuco era un mozo forte e valente que se desfacía de bó: ninguén bogaba coma il que pasaba horas sin arrial-o remo, e sin falar, nin se conocía nadador coma il n-a ría.

E Chuco e Manoel tiñan tolería por Carmela, unha meiga rapaza d'ollos mouros, moi beiladora. Cada ún d'os mariñeiros á sua maneira lle buscaba as voltas, y-ela por ningún s'acrababa. Con Manoel ría e parolaba a desfacerse, diante de Chuco baixaba os ollos, e toda s'alcendía.



Pasou o caso cando Manoel e Chuco saíron ó mar n-o mesmo barco con oito homes máis. O barco era nóvo e foron á despedida vellos, nenos e mozas, y-antre eles Carmeliña que non separaba os ollos de Chuco, nin Chuco d'ela. Foron as miradas unha promesa d'amore, e Chuco bogou con máis forza que nunca, cheo de vida.

Non se soupo bén nunca, porque estas cousas non se saben bén endexamais. O mar estivera calmo, e batía un pouco

de Nordeste. Fixéranse dous bos lances n-a illa, y-o barco voltaba pra terra cando caía o sol, con toda a vela pra aproveitar as frías. Debeu ser com'un lostrego a nortada, a escota non correu a tempo, a carga foise a unha banda, calquer cousa, o conto foi que d'un soilo batido o vento dou volta ó barco y-os homes fóronse ó mar co'a sorte de se poderen por a salvo n-a quilla.

Xa todo se cerrara d'escuma, e rompendo avantaban as augas.



## Conto sinxelo


Conocín ó máis forte boxeador do mundo, Samuel Kupper. Tiña vinte e dous anos, máis forte que fora Jeffries nos seus bos tempos e con máis xeito que Johnson. Ganara xa o campeonato mundial de pesos medeos e d' un día a outro iba a loitar c'o vello campeón de pesos grandes. Era fixa a sua victoria. O vello campeón xa recibira o consello de llo dar sin loita.

Samuel Kupper descansaba n-unha granxa do Far West.

Era seu amigo un crego que lía a Biblia ós labregos. Samuel Kupper oi u ler unha serán soave e feiteira do vran: "Oíchedes que se dixu ollo por ollo e dente por dente. Máis eu, vos digo que non fagades resistencia a quen vos magoe; e si algún te ferira na meixela dereita, ponlle tamén a outra... Oíchedes que foi dito:

Amarás ó teu próximo e teraslle xenreira ó teu nemigo. Máis eu digovos: Queredes ós vós nemigos, facede bén ós que vos queren mal e rezade pol-os que vos corren e calumnian... Mainiño, o vento movía as herbas y-as froles d' a pradeira.

Aquela noite, un vello y unha mociña petaron á porta de Samuel Kupper. Tiñan fame e iba cansos e magoados de caminar... Os ollos do vello eran de infinita tristura; n-os da mociña loitaba a desesperación c' unha rayola d' esperanza... Samuel Kupper xa era rico, os seus fortes cotelos enfeixaran moitos



billetes... O vello y-a mociña comeron, e descansaron, e tiveron diñeiro.

Pol-a mañán Samuel Kupper recibiu un aviso de desafío. Un nóvo boxeador ruso, Alexis Karbin, quería loitar e xa estaba en San Francisco. Telegráficamente fixéronse y-aceutáronse condicións.

O día d' a loita, n-o ring, Samuel Kupper veu diante de si a un ardente rapaz de óllar duro e grande estatura. Kupper non tremeu. era máis forte y-ó pouco de loitar reconocen confiado a sua superioridade.

Alexis Karbin loitaba con todo o seu fogo, brincando e batendo sin parar. Canso xa, chegou o instante en que os puños de aceiro de Samuel Kupper iban a mallar a oito n-as meixelas e n-o peito do rapás ruso. Encollido, esperaba o golpe... Y-entonces Samuel Kupper veu n-aqueles ollos ó óllar de tristura do vello que petara na sua porta y-a loita de desesperación e d' esperanza d' a mociña, e lembrouse da sua granxa, as pradeiras, o crego seu amigo, o libro santo, o vento mainiño... E baixon os brazos...

Como un lostrego ergueuse Alexis Karbin e bateu un soilo e seguro golpe n-o peito de Samuel Kupper. Caiu no chan... Contáronse os segundos... Estaba Knock-out... A xente le vouxe n-o aire ó ruso triunfador...

Samuel Kupper soilo, magoadado n-a y-alma, foise pr' á inmensidade d' os campos do seu Far-West...

Topou ó vello y-á mociña. Ampara a ún, e dalle amor á outra.

Inda hoxe non se decata de si foi forte ou dobre, de si é un derrotado ou un vencedor.

Antón Losada Diéguez.



## Lonxe

Probes rosas, saudosas  
esperando amanecer;  
Loumiñadas, degaradas  
Por medrar, y arrecender.  
Tristes rosas amorosas,  
Todo chega y o fin chega  
Cando a pola se dobrega  
E non vos pode soste.

Ano novo, vida nova  
Ano novo ¿qué traerá?  
O vello sospiros leva  
O novo ¿qué levará?  
Ano que de festa naces,  
O pasado xa pasou  
Y a primaveira enverdece  
O xardín que se murchou,




Craros soños, frolecidos  
Cobizando un ideal;  
Aniñados, enchoyados,  
Nunha roseira lanzal.  
Tristes soños noitecidos,  
Todo chega y o fin chega  
Se dos soños soilo queda  
O imposible no rosal.

Pontevedra, Nadal, 1926

Mais sei d'abondo ano novo  
Qu'o tempo que se vai indo  
Pra sempre leva o cheirume  
Das froles que van caíndo.  
Ano novo, vida nova;  
Ano novo, outro virá;  
O vello sospiros leva,  
O novo xa os traerá.

Antón Losada Dieguez.



Non se vía un barco, zoaba o vento y-a noite chegaba. Foi entonces cando Chuco, o máis forte nadador de todol-os xeiteiros, botouse ó mar confiado e surrindo a buscar en terra axuda pr'ós probiños que alí se quedaban engarrados no barco deitado n-as olas. Todol-o viron loitar, avantando en longas brazadas con toda seguranza e ningún dubidou que conseguise o proposto.

O tempo pasou en balde, e na noite coidaron os mariñeiros morrer moitas veces, mollados y-esmoreados de frío. Pol-a mañán unha motora topou o barco perdido e salvou ós nove homes.

Aquela mesma mañán apareceu Chuco morto n-a area de Beluso despois de nadare cinco millas: o seu esforzo fixo soste a esperanza n-os que quedaban n-oi cativo amparo d'as ma-

deiras do barco. Os probiños salváronse y-o mozo forte morreu.

Non pasou un ano e Carmeliña sempre meiga e beiladora casábase con Manoel, de cote finiño e churrusqueiro. E certo que co'a lembranza de Chuco pódese decir qu'os fortes dan compasión ás veces e que non está de máis o pregar por eles.

**Antón Losada e Diéguez**  
Pontevedra-Mayo-1921



# Antón Losada Diéguez

PALMIRA GONZALEZ BOULLOSA

O Día das Letras Galegas está adicado este ano á figura (Vida, Home e Obra) do Prof. Antón Lousada Diéguez que, se ben non deixou apenas obra escrita, tivo unha grande influencia en todos os movementos nazionalistas-galeguistas-culturais da súa época, e o mérito non soio de ter conquistado para o galeguismo figuras coma Vicente Risco e Otero Pedrayo, senón de ser loitado pola galeguiza-

